

PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DA RUTA DOS XARDÍNS DA CAMELIA E SE CREA O COMITÉ CAMELIA GALICIA

De conformidade co disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, define no seu artigo 21 os recursos e produtos turísticos, dispoñendo que: “1. *Son recursos turísticos todos os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.*

2. *Son produtos turísticos todos os bens, servizos ou actividades susceptibles de comercialización mediante contraprestación económica que teñen por finalidade satisfacer a demanda das persoas usuarias turísticas.*

3. *Por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de turismo poderán establecerse as características e os requisitos daqueles recursos ou produtos turísticos de interese para a Comunidade Autónoma”.*

Esta orde ten por obxecto regular a Ruta dos Xardíns da Camelia e crear o Comité Camelia Galicia como o seu organismo regulador, así como determinar a súa composición, organización e funcionamento.

Neste sentido, Galicia posúe unha serie de recursos e produtos turísticos únicos que xogan un rol importante na súa imaxe turística, entre os que se atopa a flor da camelia. As camelias chegaron a Galicia a finais do século XVIII, procedentes de países como China e Xapón. Nun principio instaláronse nos xardíns dos pazos e casas señoriais de la nobreza galega, pero co tempo acabaron por introducirse en xardíns e fincas, tanto públicos como privados, de toda a nosa xeografía, ata



converter Galicia nun referente internacional no cultivo e produción desta planta, chegando na actualidade a atesourar case 2.500 cultivares diferentes de camelia.

A Ruta dos Xardíns da Camelia supón un recurso turístico especialmente relevante, xa que se trata do único exemplo existente en Europa constituído por unha ruta que permite percorrer unha serie de xardíns públicos e privados cuxa característica principal é a de posuír a maior colección e variedade de camelias de Europa. Esta ruta está construída en torno á visita de cinco xardíns de carácter privado -Pazo de Oca, Pazo de Santa Cruz de Rivadulla, Pazo de Rubiáns, Pazo da Saleta e Pazo Quinteiro da Cruz- e sete de carácter público -Pazo de Mariñán, Alameda de Santiago de Compostela, Casa de Rosalía de Castro, Castelo de Soutomaior, Parque de Quiñones de León, Parque do Castro e Pazo de Lourizán-.

Ademais dunha experiencia turística na propia natureza, a ruta permite o coñecemento doutros recursos turísticos identitarios de Galicia como son o seu patrimonio arquitectónico/cultural e a súa oferta gastronómica e enogastronómica. Así mesmo, é de salientar que se trata nun dos poucos produtos turísticos capaces de desestacionalizar a demanda debido precisamente ao período de floración da camelia (de decembro a abril).

O éxito deste recurso turístico fai necesario dotar á Ruta dos Xardíns da Camelia dunha regulación normativa, non só a fin de darlle a debida protección xurídica, senón tamén para establecer unhas bases e condicións mínimas de cara incorporar na ruta a novos xardíns, aparte dos xa existentes, dado os niveis de calidade que o público visitante esixe neste tipo de experiencia turística.

Esta norma someteuse ao preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, así como á consulta das organizacións máis representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro de Cultura e Turismo, de acordo co Consello Consultivo e tras a deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día

DISPOÑO

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto regular a Ruta dos Xardíns da Camelia e crear o Comité Camelia Galicia como o seu organismo regulador.
2. Así mesmo, a presente orde ten por obxecto regular a composición, organización e funcionamento do Comité Galicia Camelia.

Artigo 2. Concepto

A Ruta dos Xardíns da Camelia constitúe un recurso de interese turístico de Galicia, construído en torno a xardíns públicos e privados ben establecidos con estrutura de xestión permanente, que permite o coñecemento e goce das maiores coleccións de camelia do mundo, nunha contorna privilexiada e acompañada dun patrimonio histórico artístico e natural de enorme beleza.

Artigo 3. Distintivos

1. En todos os xardíns que formen parte da Ruta dos Xardíns da Camelia será obrigatoria a exhibición, ao pé da entrada principal, dunha placa normalizada, nun lugar ben visible para as persoas visitantes, segundo o modelo previsto no anexo I.



2. Tamén estarán obrigados a incorporar o logotipo oficial da Ruta dos Xardíns da Camelia en todos os seus soportes promocionais que estean relacionados con esta.

CAPÍTULO II

Ruta dos Xardíns da Camelia

Artigo 4. Requisitos de acceso

Para acceder á Ruta dos Xardíns da Camelia os xardíns terán que reunir os seguintes requisitos:

- a) Contar con propiedade e estrutura estables e permanentes.
- b) Estar regularmente aberto ao público con horarios de apertura estables e permanentes.
- c) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e, no caso de desenvolver algunha actividade económica, esta deberá cumprir coa normativa que resulte aplicable, dispoñendo da autorización preceptiva, se é preciso, ou presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa.
- d) O xardín non ten que estar dedicado por completo ás camelias pero estas deben ocupar un lugar destacado, de fácil acceso e mantidas de maneira adecuada. Requírese, en calquera caso, unha cantidade mínima de 200 cultivares ou especies. Excepcionalmente, aqueles xardíns que estean vinculados a un recurso público histórico, artístico ou cultural de gran relevancia poderán ser dispensados do requisito de contar con 200 cultivares ou especies de camelia.
- e) Responder a uns criterios de ordenación, estética e paisaxística equilibrados, harmoniosos coa contorna. Quedarán excluídos aqueles xardíns que presenten elementos e estruturas non acordes coa contorna natural e patrimonio arquitectónico histórico e popular de Galicia.
- f) Manter un rexistro de todas as súas camelias e especies botánicas relevantes.
- g) Dispoñer dun plano de localización incluíndo as rutas recomendadas para a súa visita.
- h) Os exemplares de camelia e árbores máis destacadas deberán estar perfectamente identificadas e etiquetadas de forma facilmente visible para as persoas visitantes.





- i) Dispoñer dos servizos mínimos de atención e acollida ao visitante: aseos, zonas aparcadoiro sinalizada e espazo de recepción protexido.

Artigo 5. *Xardíns que poden incorporarse á Ruta dos Xardíns da Camelia*

1. Todos aqueles xardíns que desexen incorporarse á Ruta dos Xardíns da Camelia deberán presentar unha solicitude ante a Axencia Turismo de Galicia, a través do modelo normalizado que figura como anexo II.
2. Tamén poderán formar parte da Ruta dos Xardíns da Camelia, en calidade de recurso turístico asociado, previa solicitude segundo o modelo do anexo II, aqueles xardíns que, non cumprindo os requisitos necesarios para formar parte da Ruta dos Xardíns da Camelia e sempre e cando respondan a uns criterios de ordenación, estética e paisaxística equilibrados e harmoniosos coa, estean ligados a un recurso turístico e dos sinalados a continuación: establecemento de turismo rural, patrimonio histórico ou arquitectura tradicional galega, pazo-adega, pazo, parador de turismo, mosteiro, museo e establecementos de restauración situados en edificios de arquitectura tradicional galega. Para pertencer a esta categoría será preciso dispor dun número mínimo de 6 árbores de camelia ou ben dun só exemplar de características especiais e singulares.
3. Quedarán excluídos os edificios e os xardíns con elementos e estruturas non acordes coa contorna natural e patrimonio arquitectónico histórico e popular de Galicia.
4. En canto ao procedemento estarase ao previsto no artigo 6.
5. Aos xardíns e recursos turísticos asociados á Ruta dos Xardíns da Camelia daráselles publicidade na páxina web de Turismo de Galicia.



Artigo 6. Procedemento para a incorporación á Ruta dos Xardíns da Camelia

1. A solicitude deberá ir acompañada dunha memoria descritiva que contemple os seguintes aspectos:

- a) Patrimonio botánico do xardín (especies arbóreas, variedades de camelias).
- b) Patrimonio arquitectónico.
- c) Proposta de itinerario o percorrido polo xardín, especificando a duración da visita.
- d) Instalacións ou recursos turísticos complementarios (tenda, adega, ou calquera outro).
- e) Reportaxe fotográfico do xardín e do patrimonio arquitectónico.

2. Unha vez recibida a solicitude, a Axencia Turismo de Galicia trasladará a mesma ao Comité Camelia Galicia, para proceder a verificación dos recursos detallados na memoria e realizar a correspondente peritaxe sobre a procedencia e calidade do xardín para a súa incorporación á Ruta dos Xardíns da Camelia.

3. O Comité Camelia Galicia informará sobre o cumprimento polo xardín solicitante dos requisitos establecidos no artigo 4. O comité, no seu caso, poderá indicar no informe os cambios ou melloras que considere necesario realizar no xardín aos efectos de que poida incorporarse á Ruta, sinalando un prazo para a súa realización. O período para acometer os cambios requiridos establecerase en función da complexidade dos traballos que sexan precisos levar a cabo para incorporar as melloras pertinentes. En todo caso, a acreditación do xardín como recurso apto para formar parte da Ruta non terá lugar ata que non se leven a cabo os cambios o melloras indicadas.

Así mesmo, o informe desfavorable poderá realizar recomendacións sobre aqueles extremos que deben modificarse aos efectos da inclusión do xardín na Ruta.

4. Unha vez emitido informe polo comité, e no caso de que este sexa desfavorable ou indique melloras ou cambios que deban realizarse para a súa inclusión, a Dirección de Promoción da Axencia Turismo de Galicia, comunicará o informe ao solicitante, concedéndolle audiencia por prazo de dez días hábiles para que poida formular as alegacións ou presentar a documentación que estime oportuna.

5. Transcorrido o trámite de audiencia, ou no caso de que o informe do comité sexa favorable, a persoa titular da Dirección de Promoción da Axencia Turismo de Galicia emitirá proposta de resolución, que se elevará á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia para a súa resolución.

6. O prazo para instruír e resolver o expediente será de cinco meses contados dende a entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a notificación da resolución expresa, a persoa interesada poderá entender estimada a súa solicitude.

A resolución notificarase ao solicitante de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que se aplicará en todo aquilo non previsto por esta orde.

Artigo 7. Forma de presentación das solicitudes, comunicacións e documentación

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que figura no anexo XXX. Para presentar as solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A este respecto, considérase que queda acreditado que os interesados no presente procedemento teñen acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos necesarios.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase a todos os efectos como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

2. A documentación complementaria deberase presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. Forma de presentación das solicitudes, comunicacións e documentación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia

(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Procedemento para a revisión, modificación de datos e baixa na Ruta dos Xardíns da Camelia

1. Os xardíns que se incorporen á Ruta deberán manter as condicións ou requisitos esixidos na presente orde para a súa incorporación. O comité será o organismo encargado da supervisión dos xardíns incorporados e do mantemento das condicións ou requisitos que se esixen para a súa incorporación. A estes efectos informarán cada 6 anos do mantemento das condicións ou requisitos.

Os informes remitiranse á Dirección da Axencia Turismo de Galicia, que resolverá sobre a permanencia do xardín na Ruta, previa audiencia á persoa interesada.

2. Os xardíns ou recursos turísticos asociados que estean incorporados á Ruta dos Xardíns da Camelia poderán modificar, en calquera momento, os datos con respecto aos indicados na súa solicitude de incorporación a través do formulario previsto no anexo II. A solicitude deberá ir acompañada dunha memoria descritiva que contemple as modificacións efectuadas. O Comité Galicia Camelia será o encargado de verificar a realización das ditas modificacións, previa audiencia á persoa interesada e segundo o procedemento regulado no artigo 6.

CAPÍTULO III

Comité Camelia Galicia

Artigo 10. Comité Camelia Galicia

1. Créase o Comité Camelia Galicia como órgano colexiado de coordinación, apoio e comunicación da Ruta dos Xardíns da Camelia.
2. En todo o non regulado nesta orde será de aplicación o establecido na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. Obxectivos do Comité Camelia Galicia:

Os seus obxectivos serán:

- a) Dar a coñecer a cultura da camelia de Galicia tanto a nivel nacional como internacional.
- b) Situar a Galicia como destino de referencia dentro do Turismo de Xardíns.
- c) Prestixiar a imaxe de marca turística de Galicia a través da flor da camelia.

- d) Revalorizar a figura do xardín galego como acento de identidade cultural e natureza propia de Galicia
- e) Consolidar o produto "Turismo de Xardíns" en Galicia como elemento diferenciador do destino e ao mesmo tempo produto desestacionalizador dentro da oferta turística da Comunidade.
- f) Fomentar a integración da Ruta dos Xardíns da Camelia con outros recursos tanto turísticos como industriais de Galicia ("Galicia Viños e Camelias").
- g) Utilizar o "turismo de xardíns" en Galicia como produto turístico que axude á sustentabilidade do patrimonio.
- h) Potenciar a calidade turística de Galicia a través dos xardíns da camelia
- i) Fomentar o respecto e coidado á natureza entre as novas xeracións a través da ruta dos xardíns da camelia: cultura botánica, de xardíns e ou paisaxismo.
- j) Potenciar a creación e desenvolvemento de produtos relacionados coa camelia xerando un motor de dinamización económica e industrial para Galicia.
- k) Establecer contactos e relacións con outros destinos do mundo con potenciais similares no turismo de xardíns e natureza.
- l) Establecer colaboracións con profesionais e institucións que desenvolvan a súa actividade dentro do sector do paisaxismo e o turismo de xardíns.
- m) Establecer relacións con outros sectores da industria a nivel nacional que colaboren na potenciación da imaxe de Galicia a través da flor da camelia: moda, xoiería, cosmética, decoración e arquitectura.
- n) Establecer relacións con outros sectores da cultura e da educación a nivel nacional que colaboren na potenciación da imaxe de Galicia a través da flor da camelia.
- ñ) Reforzar a presenza dos Xardíns da Camelia nos medios de comunicación locais, rexionais e nacionais.

o) Fomentar o cultivo da camelia para a obtención de té, aceite e o seu uso en cosmética e restauración.

Artigo 13. *Funcións do Comité Camelia Galicia*

Para a consecución dos seus obxectivos, o comité terá as seguintes funcións:

- a) Informar sobre as solicitudes de incorporación dos xardíns á Ruta dos Xardíns da Camelia, e supervisar o mantemento das condicións ou requisitos necesarios para o acceso.
- b) Informar sobre a incorporación dos recursos turísticos que soliciten a súa integración como recurso asociado na Ruta dos Xardíns da Camelia, e supervisar o mantemento das condicións ou requisitos que permitiron a súa incorporación.
- c) A designación e creación dos grupos de traballo para asegurar o cumprimento das responsabilidades e obrigas do comité.
- d) Procurar os fondos necesarios para realizar as diferentes accións que deban desenvolverse polo comité.
- e) Elaborar un plan de actuación anual.
- f) Supervisar, vixiar e trasladar calquera actuación que poida prexudicar ou poñer en perigo a imaxe da Ruta dos Xardíns da Camelia.

Artigo 14. *Composición do Comité Camelia Galicia*

1. O comité terá a seguinte composición:

-Presidencia: a persoa titular da consellería con competencias en materia de turismo

-Vicepresidencia: a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

- Vogais:

1. Un vocal en representación da Axencia Turismo de Galicia
2. Un vogal en representación da consellería con competencias en materia de patrimonio natural
3. Un vocal en representación da Deputación de Pontevedra



4. Un vocal da Asociación Española da Camelia
5. Un vocal en representación da Deputación da Coruña
6. Un vocal en representación da consellería de cultura da Xunta de Galicia
7. Un vocal en representación da Escola Galega da Paisaxe
8. Un vocal experto en xardíns de pazos
9. Un vocal en representación do sector da arquitectura
10. Un vocal en representación do sector turístico
11. Un vocal en representación do sector produtivo
12. Un vocal en representación dos xardíns declarados de "Excelencia Internacional" pola Internacional Camellia Society.
13. Un vocal en representación de propietarios de casas e xardíns históricos galegos
14. Un vocal en representación do sector da comunicación

-Secretaría: realizará as funcións da secretaría do comité unha persoa funcionaria da Dirección de Promoción da Axencia Turismo de Galicia

2. Os membros do comité serán nomeados e cesados pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia a proposta das diferentes organizacións e entidades representadas. O seu cargo terá unha duración de 4 anos, sendo posible a súa reelección.

3. En caso de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, a persoa titular das vicepresidencia e os/as vogais serán substituídos/as polas persoas suplentes que designen para o efecto o ente ou sector ao que estean representando.

O/a secretario/a será substituído/a pola persoa funcionaria suplente que designe a persoa titular da presidencia do comité por proposta da Axencia Turismo de Galicia.



4. Na composición do comité procurarase conseguir unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 15. *Presidencia*

Son funcións da Presidencia do comité:

- a) Exercer a superior representación do comité.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do comité, presidilas, levantalas e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Establecer a orde do día das sesións.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos do comité.
- f) Exercer cantas funcións sexan inherentes á Presidencia do órgano colexiado.

Artigo 16. *Vicepresidencia*

Corresponde á persoa que exerza a vicepresidencia:

- a) Substituír a persoa que exerce a presidencia na totalidade das súas atribucións, nos casos de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa legal.
- b) Exercer as funcións intrínsecas á súa condición de membro da comité, con dereito a voto.
- c) Cantas outras funcións expresamente lle sexan delegadas pola presidencia.
- d) Asistir a presidencia nas correspondentes sesións do comité.

Artigo 17. *Vogais*

Corresponde ás persoas que exercen as vogalías:

- a) Recibir a convocatoria das sesións do comité cunha antelación mínima de corenta e oito horas, que conterà a orde do día daquela.
- b) Asistir ás reunións e participar nos debates e formular as propostas que consideren pertinentes.

c) Exercer o seu dereito ao voto, formular o seu voto particular, así como formular rogos e preguntas e propoñer á Presidencia, a través da Secretaría do comité, a inclusión de asuntos na orde do día.

d) Solicitar e obter, mediante petición dirixida á Secretaría do comité, a información necesaria para cumprir debidamente as funcións asignadas ao comité.

e) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogais.

Artigo 18. *Secretaría*

Son funcións do/da secretario/a do comité:

a) Asistir ás reunións con voz e sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da persoa que exerza a Presidencia, así como as citacións aos membros desta.

c) Actuar como canle de comunicación do órgano cos membros deste.

d) Preparar o despacho dos asuntos e levantar acta das sesións do pleno.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Aquelas que sexan inherentes á Secretaría do comité.

Artigo 19. *Mandato*

1. Os membros do comité manterán a condición de membro por razón da representación que ostente do ente ou sector ao que pertencen.

2. Os servizos que presten os membros do comité non xerarán dereitos laborais nin económicos para ningún dos seus membros.

Artigo 20. *Funcionamento do comité*

1. O Comité Camelia Galicia funcionará en pleno e, no seu caso, en grupos de traballo creados polo pleno, para garantir axilidade no exercicio das súas funcións. No caso de que o pleno cree grupos de traballo, estes rexeranse polas normas establecidas para o pleno nesta orde, así como por aquelas

que se establezan no seu regulamento interno, e en todo o que non estea expresamente previsto, aplicárase a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Le 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O pleno estará constituído por todos os seus membros, e ostentará as funcións propias do comité establecidas no artigo 13, sen prexuízo da súa posible delegación nos grupos de traballo que, no seu caso, se creen.

3. O pleno quedará validamente constituído en primeira convocatoria cando concorran a persoa titular da presidencia e a persoa titular da secretaría ou, no seu caso, daqueles que os substitúan, e a metade, polo menos, dos seus membros. En segunda convocatoria, quedará validamente constituído cando concorran a persoa titular da presidencia e a persoa titular da secretaría, ou quen os substitúan, e a terceira parte, polo menos, dos seus membros.

4. O pleno reunirse de xeito ordinario polo menos dúas veces ao ano. De xeito extraordinario reunirse por iniciativa da persoa titular da presidencia cando esta o considere oportuno, ou a petición de, polo menos, unha cuarta parte dos seus membros.

5. A convocatoria das reunións será notificada a todos os membros polo menos con catro días de antelación á súa celebración no caso de sesións ordinarias. No caso das sesións extraordinarias, poderase notificar a convocatoria con corenta e oito horas de antelación. Á convocatoria xuntárase a orde do día dos temas que se vaian tratar e a documentación necesaria que a acompañe.

6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos/as os/as membros e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

7. Os acordos adoptáranse por maioría simple de votos. A persoa que exerza a presidencia, en caso de empate, terá voto de calidade.

8. Ademais dos seus membros, poderán asistir ás sesións do pleno ou dos grupos de traballo que se creen, previa invitación da persoa que exerza a Presidencia, e con voz pero sen voto, persoas de

recoñecida competencia profesional ou representantes de entidades cuxa actividade teña relación cos asuntos que se vaian tratar, cando a natureza destes o requira.

9. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse á persoa que ocupe a secretaría do comité para que lle sexa expedida unha certificación dos seus acordos.

Disposición adicional primeira. *Impacto orzamentario*

O funcionamento do Comité Galicia Camelia non suporá incremento ningún no gasto público e os seus membros non percibirán ningunha indemnización pola asistencia ás sesións do dito órgano.

Disposición adicional segunda. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición adicional terceira. *Modificación de formularios*

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no Diario Oficial de Galicia, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes. Por conseguinte, para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

Disposición adicional cuarta. *Modelos normalizados*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento da presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago- Noia, Km. 3
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 546 358



Santiago de Compostela a

de

de 2019

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo



Xacobeo 2021